



DESCRIPCIÓN DE RESULTADOS DE DIFUSIÓN

03/12/2019

Resultados obtidos por actividade

01_ presentación de resultados de Vite en Rede para coordinar actividades do Plan de activación

Esta reunión ten lugar o 25 de setembro. Non se realizara formalmente ningunha comunicación a este rede ao longo do proceso de traballo. Cóntase o traballo feito ata o momento e as liñas xerais do que está a tomar forma como Plan de Activación do Arquivo. Convidase aos membros a colaborar. Hai unha boa acollida do proxecto e felicitacións polo mesmo. Varios representantes de colectivos ofrecen colaboración, sempre e cando se lles diga para que se pide a súa colaboración.

Esta reunión dá pé a unha colaboración directa no deseño de actividades con Instituto. Se establece unha data de reunión para definir exactamente como o arquivo pode entrar no plan de programación anual, definindo o profesorado e as materias que estarían interesadas en colaborar.

02_ un evento no centro sociocultural

Este evento está pendente.

03_ entrevistas e novas en prensa escrita

Producíronse varias novas de prensa na Voz de Galicia, tanto ao inicio do proxecto como ao longo do evento de formación de arquivos que tivo lugar no CSC. Está pendente contestar a este mesmo medio para unha entrevista e artigo de descrición dos traballos feitos.

O día 30 de novembro o programa 'Contraportada' da TVG emitiu unha pequena reportaxe sobre o proxecto e escríbese un artigo para a Revista Internacional de Comunicación y Desarrollo da USC.

04_ acto de entrega do Plan de Activación a institucións colaboradoras

Este evento está pendente.

05_ web lixeira para presentar o arquivo /escaparate do que se está a facer

Esta web está en proceso de construción <https://vitearquiva.com/>.